

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA
EXPEDIENTE Nº 2023/G007/000006**

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta en funcións do Excmo. Concello de Lugo.

En cumprimento do establecido no artigo 36.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro) e, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión EXTRAORDINARIA do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no salón de sesións da Casa consistorial, sita na praza Maior, número 1, o vindeiro **mércres, día 14 de xuño, ás 9,00 HORAS**, para o único efecto de **“APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 30 DE MARZO E 27 DE ABRIL DE 2023 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 2 DE MAIO DE 2023”**.

Notifíqueseles ós señores concelleiros, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un terzo do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado electronicamente pola Alcaldesa Presidenta en funcións, dona Lara Méndez López